



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

Federico Fernández Fernández
Cándido Pérez Betanzos
Antón García Fernández

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Aser Fernández Rey
Manuel Velasco Graña
Marcos Estévez Orge (DS) *
Marisa Magaz Ledo

U.G.T.

Juanjo Fernández Pérez
J. Andrés Zapirain (DS)*

DELEGAN VOTO

Carmen Serra Rodríguez
M^a Jesús Losada Rodríguez
Rodrigo Alberte Pivida
Carlos Mollinedo

AUSENTES C.I.

Arturo Casar Sarasola

*DS- Delegado Sindical

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundación do Campus de Vigo o día 6 de maio de 2005, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda, coa seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións e das reunións mantidas polos distintos membros.
4. Regulamento da Comisión de intercambio de vacacións do PAS. Interpretación do ámbito de aplicación.
5. Solicitude de Traslado de Francisco Rodríguez (Universidade de León)
6. Rogos e preguntas

A reunión é presidida por Cándido Pérez, Presidente do CI,. Antes de comezar da conta dos votos delegados que, neste caso, corresponden aos debidamente enviados por Carlos Mollinedo, Rodrigo Alberte e Chus Losada que delegan en Cándido Pérez, e Carmen Serra que delega en Manuel Velasco.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

Adíase para a seguinte reunión

2. Informe do Presidente.

O Presidente da conta do seguinte:

- Da contratación temporal, prórrogas e mobilidade.
- Da Comisión Permanente celebrada o 13 de abril (a lectura da acta adíase para a seguinte reunión)
- Do nomeamento definitivo do xerente.
- Da constitución da Mesa negociadora do II Convenio.
- Do informe sobre a roupa de traballo elaborado por Federico Fernández e Aser Fernández.
- Da prórroga do tempo de apertura da Biblioteca de Torrecedeira.
- Dun currículo persoal enviado ao CI.
- Do escrito enviado polos T.E. de laboratorio.
- Do escrito enviado polo T.E. de actividades deportivas.
- Do escrito enviado por unha técnica superior da Oficina de Relacións Internacionais.
- Das reunións mantidas neste período co xerente.

3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións e das reunións mantidas polos distintos membros.

Comisión de Formación

Aser Fernández e Antón García representantes do CI nesta comisión dan conta do que se tratou na reunión celebrada o 21 de abril de 2005:



Acordouse convocar outra reunión dentro de dous meses para seguir traballando na formación planificada.

A xerencia dispuña das enquisas elaboradas pola Xunta de Persoal e o Comité Intercentros.

A Comisión vai centrar o seu traballo na planificación da formación do ano 2006.

4. Regulamento da Comisión de intercambio de vacacións do PAS. Interpretación do ámbito de aplicación.

Tras dar conta do escrito enviado por dous traballadores da OSIX no que solicitan poder participar no Intercambio de Vacacións, ábrese o debate e se fan as seguintes manifestacións:

Os traballadores das universidades de Santiago e Coruña que teñen condicións laborais semellantes aos asinantes do escrito non poden participar no Intercambio de Vacacións.

Para participar é preciso aportar o 1% da masa salarial.

Dende a Xunta de Persoal se interpreta que só poden participar o persoal que cobra con cargo ao capítulo I.

Nas propostas para o II Convenio Colectivo se recolle esta demanda.

5. Solicitud de Traslado de Francisco Rodríguez (Universidade de León)

Nun escrito de data 20 de abril o xerente solicita ao CI que emita informe sobre a petición de traslado a Universidade de Vigo realizada por Francisco Rodríguez Gutiérrez, programador de grupo II da Universidade de León.

(Este asunto xa fora tratado no Pleno celebrado o 15 de xullo de 2004 e tal e como se recolle en acta o CI mostraba a súa conformidade a este traslado provisional sempre e cando no proceso de selección de TMTIC quedase algunha vacante)

Juanjo Fernández solicita que se recolla en acta o seu desacordo a este traslado ao considerar que a este traballador se lle da unha vantaxe que non teñen o persoal encadrado na nosa RPT.

O non haber unanimidade procédese a votar e acádase o seguinte resultado:

Votos a favor	11
Votos en contra	0
Abstencións	1

Acórdase emitir informe favorable a petición de traslado.

6. Rogos e Preguntas.

Aser Fernández pregunta polos procesos selectivos que están aínda sen convocar e manifesta que é preciso facer presión para que se realicen canto antes. Así mesmo, tras a experiencia vivida nas asembleas xerais manifesta que é preciso coidar máis as formas e os modos neste tipo de actos.



Marcos Estévez, lembra que tras a experiencia “piloto” da apertura en fin de semana da Biblioteca de Torrecedeira é preciso que a Xerencia realice un informe. Roga pois que este se solicite sen demora.

Cándido Pérez propón, para poder atender as peticións de reunións realizadas por distintos traballadores/as ou colectivos, que se estableza unha axenda.

Acordos:

Emitir informe favorable a petición de traslado de Francisco Rodríguez Gutiérrez, persoal laboral da Universidade de León.

Cándido Pérez Betanzos

Fdo: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)

VºBº: Manuel Velasco Graña
(Secretario)